

A LENDA DE ALDARA

A MULLER CERVA



“Hai moito tempo, no castelo de Doiras (Vilarello-Cervantes-Lugo) moraba un cabaleiro de nome Froiaz, con dous fillos: Egas e Aldara. Aras, o fillo doutro señor dun Castelo próximo namorouse de Aldara. O seu amor foi correspondido e co consentimento dos pais anunciouse

a voda. Pero unha tarde, Aldara desapareceu do castelo, un besteiro trouxo noticias dicindo que a vira dirixirse a media mañá cara ao regato próximo.

Pai e irmán, criados e escudeiros, e mesmo o seu namorado acompañado das súas xentes, foron na súa busca por montes e bosques, por chozas e casaríos...

Despois dalgúns días de buscas infrutuosas consideraron definitiva a perda de Aldara imaxinándoa malferida por algún xabaril, algún oso ou devorada polos lobos.



Moitos anos máis tarde Egas, estando de caza no monte de Galo Monteiro, divisou unha fermosa cervia branca. Dun único e atinado disparo rematou coa vida do animal, pero non se decatara que era imposible levala ao castelo polo seu peso excesivo(ou, tal vez porque a

neve dificultaba o transporte), así que lle cortou a pata dianteira (para sinalar que o animal lle pertencía ou para mostrar untrofeo que dese conta da súa fazaña).

Cando foi a mostralo ao seu pai a pata da cervo, contándolle o éxito obtido, atemorizados, viron como o que Egas sacou da bolsa foi unha man; unha man fina, branca, suave; unha man de doncela fidalga. E nun dos dedos daquela man relucía un fermoso anel de ouro cunha pedra vermella.

Segundo conta a lenda, algún "mouro" (ser imaxinario ao que eran achacados moitos feitizos no pasado) debeu de encantala en figura de cervo, e a morte encargouse de devolvela ó seu estado natural, doncela. Pero xamais se puido saber o motivo. "



FUENTE:

elreycuerbo.blogspot.com.es

Lendario de Galicia

ALDARA FERNÁNDEZ PÉREZ